

# BASES CONCURSO DE DISFRACES. CHOQUEIROS

## **1. DATA.**

A data do concurso de choqueiros, orientado a xuventude Rianxeira será o venres 5 de Febreiro de 2016.

## **2. INSCRICIÓN:**

A inscrición poderá realizarse dende as 23.00 horas do venres 5 de febreiro ata as 2.00 horas do sábado 6 de febreiro. O lugar para inscribirse no Concurso de Disfraces será, na Praza Castelao, na barra instalada na carpa onde se realizarán as actividades de Entroido.

## **3. PARTICIPANTES:**

Persoas de 15 ata 40 anos, e terán que acreditarlo co correspondente DNI.

## **4. REQUISITOS:**

- Será un concurso temático polo que as persoas interesadas en participar deberán ir disfrazadas de “choqueiros”. Un choqueiro é aquela persoa que para disfrazarse usa a súa propia imaxinación empregando roupa, atavíos convencionais, accesorios, máscaras,... para resultar estrafalario; sen empregar traxes “comerciais”.
- Poderase participar nunha única modalidade: individual ou grupo, non se permite inscrición en ambas modalidades.
- Os grupos debe constar de un mínimo de 2 integrantes e estar disfrazados dunha temática común.
- As persoas participantes non poderán ser membros da Comisión das Juadalupeñas.

## **5. DESFILE DOS PARTICIPANTES:**

O tempo na pasarela será limitado, non podendo exceder de 2 minutos por participante ou grupo.

No caso de precisar algún acompañamento musical deberán facelo saber no

momento da inscrición, para poderlle facilitar a labor o d.j .

## **6. CATEGORÍAS:**

As categorías do concurso son as seguintes:

- Masculino- individual
- Feminino - individual
- Grupo

## **7. PREMIOS:**

Os premios constarán de unha cesta de produtos típicos do Entroido para cada unha das categorías.

O premio será entregado unha vez que o xurado elixa ós disfraces gañadores en cada categoría.

Publicaranse na redes social Facebook das Juadalupeñas coa foto adxunta.

## **8. VALORACIÓN DO XURADO**

Valorarase de 0 a 5 puntos polo xurado, os seguintes aspectos:

- Orixinalidade e traballo: terase en conta a elaboración do disfraz, total ou parcial, por parte das persoas participantes. Penalizaranse aqueles que sexan, na súa totalidade, elaborados con recursos comerciais.
- Posta en escena e animación.
- Na categoría de grupo: o número de compoñentes, a variedade de xénero e as idades.

## **9. XURADO**

Estarán compostos por 3 representantes da Comisión das Juadalupeñas, tendo un único voto cada un.

## **10. ACEPTACIÓN DAS BASES**

A inscrición no concurso implica a aceptación e cumprimento das bases.

A organización terá a competencia para poder resolver calquera dúbida xurdida nas presentes bases.